


Entrevista a José Luís López, presidente da Comunidade de Montes de San Martiño de Vilaboa

“TERÍA SIDO MOI CÓMODO DAR GLIFOSATO PARA ELIMINAR OS EUCALIPTOS PERO AO FINAL VAS COMER O QUE BOTAS”

Redacción Cerna

A comunidade de Montes de San Martiño, nas inmediacións do Lago Castiñeiras, no concello de Vilaboa, está a acometer un intenso programa de deseucaliptización dos seus montes, con máis de 20 Ha en 2018 e continuación nos anos seguintes. As actuacións, segundo nos explica o seu presidente nesta entrevista, teñen o obxectivo principal de preservar os mananciais e van acompañadas de reforestación, micorrización para a produción de niscalos e boletus, o aproveitamento de castañas, e a posta en valor do patrimonio cultural.



Casa do Lago Castiñeiras.

A eliminación do eucalipto é unha das principais liñas de actuación da vosa comunidade. Por que decidistes erradicalos e con que obxectivo?

O eucalipto, hai que recoñecelo, ten os seus pros e os seus contras. Nós miramos a parte máis positiva para a comunidade, agora e no futuro. Nestes momentos, o eucalipto é rendible se o comparas con outras especies. Ten un crecemento moi rápido e as madeireiras queren eucalipto. Pero máis alá diso, nós apostamos pola súa erradicación paulatina porque é unha especie invasora, porque onde crece o eucalipto non sae nada. É como o “cabalo de Atila”; non deixa vexetación ningunha no solo, non permite unha plantación de frondosas ou mesmo de piñeiros.

En segundo termo, decidimos eliminalo polos mananciais de auga que fornecen á parroquia. Eu aseguraría que co que levamos eliminado de eucalipto, os mananciais parecen ter máis caudal. Así que, en resumo, eliminamos o eucalipto para que o terreo do monte sexa, digamos, máis fértil. Un terreo como antigamente, máis natural.

Desde cando e como viñestes realizando os labores para a suprimir do eucalipto?

Eu levo 11 anos na comunidade de montes e cando entrei esta xa era unha das políticas. Non vale de nada que busquemos a rendibilidade agora e, á volta dun tempo, os que veñan atopen un monte desbandado e abandonado. Hai que volver ao monte de antes. Se lle preguntas

á xente maior da parroquia, non coñecían o eucalipto; é unha cousa recente pero ademais é unha especie que se non a tratamos de eliminar como estamos facendo nós, non hai forma de parala. No ano 2018 fixemos a intervención máis forte, cando o eliminamos de 20 hectáreas de golpe. Esta foi a actuación máis grande de limpeza pero tamén de repoboación.

A vosa aposta máis sinalada foi abordar estes traballos sen herbicida, vamos, sen glifosato?

Si. O motivo principal foi preservar as augas dos mananciais, porque de nada vale buscar a rendibilidade da comunidade de montes e que esteamos bebendo os tratamentos químicos que lle aplicamos. Hoxe, case 3 anos despois da primeira intervención, aínda estamos eliminando brochos de eucalipto, e é que ao non empregar glifosato temos que ser constantes sacando os gromos. Estes apareceren, con menos forza, pero hai que investir de novo cartos en eliminarlos manualmente para ter o monte ben.

Como se fixo a eliminación sen glifosato? Tivestes asesoramento?

Si, tivemos o asesoramento dos técnicos da comunidade de montes. Nas zonas de fácil acceso retiramos as cañotas e os brochos cun tractor, é dicir, de xeito mecanizado, mentres que nas áreas de difícil acceso fixémoslo de xeito manual. Desde entón, asumimos dúas intervencións máis: unha foi ao ano de facer a plantación de repoboación e, de novo,

o segundo tivemos que retirar gromos e plantas de xeito manual. Para isto contamos cunha empresa, o que tivo un custe bastante elevado.

Agora que os pinos van crecendo robustos aínda hai zonas nas que seguen a saír eucaliptos e xa lle demos unha terceiro repaso. Tería sido moi cómodo, despois da corta, darlle glifosato, pero ao final vas comer o que botas. Isto ten un custe máis caro pero nós estamos contentos coa xestión que estamos facendo. Está a ter resultado.

Cales serían para vós, como comunidade de montes, os beneficios e desvantaxes deste sistema? Que resultados estades a ter?

O terreo queda apto para plantar e producir. Nós todo o que plantamos é micorrizado (facémolo en colaboración coa empresa Hifas da Terra). De momento non estamos vendo os resultados, e é que a micorrización non é unha cousa matemática, depende de moitos factores: do terreo, do

“A eliminación mecánica e manual é máis cara pero estamos contentos coa xestión que facemos”

crecemento da árbore, de como veña o ano... Con todo, contamos con ter unha recolección de *Boletus edulis*, niscalos, e tamén aproveitar a produción de castaña. Estamos xa facendo un estudo para que, á volta duns anos, poidamos aproveitar estes recursos que van xerar riqueza e se cadra tamén algún posto de traballo.

Que novos usos e plantacións se están desenvolvendo nas terras limpas de eucaliptos?

Esas 20 hectáreas están todas repoboadas. Non se trata só de cortar senón de replantar unha vez que tes limpa a parcela. Nós temos *pino pinaster*, algún cedro e castiñeiro nas beiras dos camiños, para facer unha faixa cortalumes, digamos. E tamén plantamos máis de 1000 sequoias, que están bonitas e son pequeniñas pero van saíndo.

O voso exemplo estase espallando entre as comunidades de montes próximas ou coas que compartides monte?

Non que saibamos. As catro comunidades de montes que estamos no Lago Castiñeiras, Santa Cristina de Cobres, San Xulián, San Tomé de Piñeiro e nós, temos unha política propia aínda que poida ser semellante. De feito, hai anos tentamos crear xuntas un xardín botánico en Castiñeiras pero non foi posible. Precisabamos implicar á Xunta, á Deputación e aos concellos porque nós temos terreo pero non capacidade económica e as administracións desentendéronse.

Por último, a posta en valor do patrimonio cultural é outro dos vosos eixos de traballo. Como se está preservando?

Si, na nosa área do Lago Castiñeiras temos moitos restos megalíticos. Está a mámoa de San Martiño, a Mámoa do Rei (unha das máis famosas por ser máis grande), e outra sen restaurar, a Mámoa de Asubiños. Para dar realce a estas mámoas e que a xente que se achegue ao lago saiba que están, queremos facer unha sinalización e temos aprobado un convenio co concello de Vilaboa a través da Deputación de Pontevedra para iniciar un roteiro de case 6 quilómetros desde Castiñeiras que vai pasando polas mámoas e chega a unha zona na que imos facer un miradoiro sobre a Ría de Vigo, cunha vista impresionante.

NOTAS

¹ Informe de CCOO no que se recolle o comunicado da IARC. <https://www.ccoo.es/cf089f5ee22ced87a15305a825155072000051.pdf>

² Portal Efsa, sobre o glifosato https://www.efsa.europa.eu/es/topics/topic/glyphosate?-qt-quicktabs_field_collection=2&page=1

GLIFOSATO, ENTRE A CIENCIA, A POLÍTICA E OS INTERESES EMPRESARIAIS



2015: A Axencia Internacional para a Investigación do Cancro (IARC) atopa unha evidencia limitada entre o glifosato e algúns tipos de cancro pero hai probas suficientes de que produce tumores nos animais de laboratorio. Clasifica o herbicida no grupo 2A, como “probablemente canceríxeno para os humanos”¹. A Organización Mundial da Saúde (OMS) tamén o declara como “probablemente canceríxeno para as persoas” baseándose na mesma evidencia.

Para xustificar e autorizar o emprego do herbicida na UE, a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) realiza un informe científico que conclúe que é pouco probable que supoña un risco canceríxeno².

2017: A Comisión Europea dá luz verde para seguir utilizando o glifosato por cinco anos máis, até o 15 de decembro de 2022.

2019: O Glyphosate Renewal Group (GRG), un grupo de empresas que persegue a renovación da autorización do glifosato na UE, solicita formalmente a renovación da autorización da sustancia e poder seguir utilizándoa despois de vencido o período actual.

José Luis López



Persoal da comunidade cortando e eliminando os abrochos.

José Luis López



Corta e limpeza do eucalipto para biomasa.